

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**Expediente núm.: TEDEC 2018/C003/000006**

**Memoria Xustificativa do contrato de obra: Camiño Covelo -Casanova ( Os Casas)**

**Procedemento:** Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

#### **Introdución. Necesidades administrativas a satisfacer :**

A finalidade da execución destas obras ,e a mellora e conservación da infraestrutura viaria do Concello , que contribúan a xerar cohesión social e territorial e a mellorar as condicións de vida e de traballo no medio rural , facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio e o aumento da competitividade dos sectores produtivos de Cerdido.

**Obxecto do contrato.** Contrato de obras para mellora de camiños de Covelo a Casanova .

#### **Descrición das obras**

Con unha lonxitude total de 1.300 m. e 5,00 m. de ancho, así como 125 m2. de sobreanchos, preténdese a mellora da capa de rodaxe con cinco centímetros de aglomerado en quente a toda a plataforma, previa reparación de baches e perfilado de mordentes con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. Finalmente contéplase a limpeza de gabias e salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización horizontal con pintado de liñas en bordes. Nos planos, cadros de medicións e presupostos especificanse las unidades de obra a realizar, así como as dotacións de árido e ligantes dos tratamentos asfálticos.

#### **Análise Técnica .Consideracións técnicas e requirimentos**

Están desenvolvidas no proxecto de obra asinada polo Enxeñeiro de camiños Julio Rojo Martinez

#### **Análise Económica. Valor Estimado**

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato será o importe total sen incluír o IVE , (60,138,51 € )


20% modificacións previstas de proxecto : 0,00 €

10% ( aumento de medicións , certificación final : 6013,85 €

TOTAL 66.125,36 €

#### **Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira**

En cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O Contrato desta obra , esta subvencionado por un axente financiador ao 100 % .  
POS 2018+ 1/adicional Deputación da Coruña por un importe de 72.767,60 € ,  
Aprobado por Resolución de Presidencia 30453/2018 do día 12/09/2018

**O principio de sustentabilidade financeira.** entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

Non é preciso formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida; xa que Contrato desta obra , esta subvencionado pola Deputación por un importe de 72.76,60 €

En relación coa débeda comercial, debe analizarse se os compromisos de gasto xerados por esta contratación faranse cumprimento o período medio de pago a provedores

**O principio de estabilidade orzamentaria.** entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

A este respecto debe indicarse que o gasto non esta previsto no orzamento inicial , realizando un expediente de xeneración de crédito ,unha vez comunicada a subvención por parte da Deputación

### Análise do Procedemento

#### a. Xustificación do procedemento

Dado a cuantía do contrato é inferior ao 2.000.000 € , tramitarase polo procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017

#### b. Cualificación do contrato

Contrato de obra

#### c. Análise de execución por lotes

Non é posible a execución por lotes , segundo consta no informe técnico asinado polo redactor do Proxecto , Julio C. Rojo Martinez

#### d. Duración .O contrato ten unha duración de seis meses , segun establece o proxecto técnico da obra .